

INICIACIÓN A LA LECTURA E FAMILIAS



Imaxe: CEIP Plurilingüe de Covas
(Viveiro - Lugo)

propostas de formación · 2025-26



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA



PABLO OTERO

Pablo Otero "Peixe", nado en Ourense en 1970, é un escritor, ilustrador e pintor galego. Estudou na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Participou nos 11 primeiros números da revista Golfinho. Ilustrou obras de autores galegos como "Cidades" de Fran Alonso (Xerais, 1997); "Rato Pincho" de Gloria Sánchez (Galaxia, 2004); "Deseñadora de hora en hora" de Xoán Babarro (Tambre, 2004); así como de escritores estranxeiros, como "O Príncipe das

Sombras" de Milan Vukotic ou "Contos por palabras", de Gianni Rodari. Así mesmo, escribiu e ilustrou obras propias, tales como "Parece unha formiga" (Kalandraka, 2019). Ademais de ilustrar e escribir libros, realiza outros tipos de obras artísticas, como cartaces. Entre eles, é ben coñecido nas bibliotecas escolares o cartel A biblioteca escolar ten a palabra do curso 2021-22.

Expuxo a súa obra en múltiples galerías galegas.

OBRADOIRO



Familias de libro

Trátase dunha nova variante do obradoiro "Libros de familia" que fomos desenvolvendo nos últimos anos. Logo a proposta segue a ser semellante á anterior na primeira parte da actividade: facemos libros de artista e libros obxecto familiares, singulares e únicos, tirando dalgún recordo ou anécdota familiar e empregando tódolos materiais, ferramentas e soportes que teñamos. É dicir, é un traballo individual pero dentro do grupo, que persegue compartir os materiais e os recursos que cada familia, o centro e máis eu poñemos ao dispor de todas e todos para crear comunidade na escola.

Ata aquí as premisas do xogo creativo son as mesmas. Este novo curso apostamos por unha versión diferente do obradoiro que xa coñecemos e empregando como soporte das nosas propostas cubertas de vellos libros. Trátase doutro clásico dentro do xénero do libro de artista / obxecto e que ofrece a posibilidade de realizar un traballo plástico polas dúas caras das tapas do libro: deseñar un novo título e unha imaxe para a portada e traballar de xeito artístico o interior fermoso e terriblemente baleiro que deixan as cubertas cando lles foron arrincadas tódalas súas páxinas.

Familias de libro é unha fermosa oportunidade para pasar o tempo en familia facendo algo creativo e explorando un xénero cultural accesible para todos.



697325085
sidrocono@gmail.com

PAULA CARBALLEIRA

Paula Carballeira, nacida en Maniños (Fene. A Coruña), é licenciada en Filoloxía pola Universidade de Compostela e cun curso de Especialización en Arte Dramática (Teoría e Práctica da Interpretación) na mesma universidade. É escritora, actriz e narradora oral profesional desde 1994, pertence á compañía Berrobambán e foi convidada aos principais eventos de narración oral nacionais e internacionais. Participou en varios programas e series de ficción da Televisión de Galicia. Ten unha ampla produción literaria traducida a varias linguas e que mereceu distintos recoñecementos, entre eles o Premio Nacional de Literatura Dramática outorgado polo Ministerio de Cultura no ano 2023.



OBRADOIROS



Que conto contamos?

Que conto escollemos para contar? Un conto que nos fale de animais, de aventuras, de enredos e enxeños? Un conto no que haxa que lembrar a quen atopamos polo camiño para saber quen chega ao final? Un conto que nos leve pola terra, polo aire e polo mar? Onde buscamos ese conto? Entre as páxinas dun libro? Na voz de alguén que nos quere arrolar? Nesta sesión, cada conto dá resposta a esas preguntas e, de paso, compartimos unha paréntese fantástica no decorrer do noso tempo.

pcarballeira@gmail.com





JORGE CAMPOS

Ilustrador e arquitecto, é dicir, ilustratecto. Como ilustrador, o seu traballo céntrase no ámbito da banda deseñada e a ilustración infantil e xuvenil. Obtivo o primeiro premio en varios certames de cómic e imparte habitualmente cursos de banda deseñada en escolas e institucións. En 2018, a súa obra "Alter·nativo" (Aira Editorial) foi galardoada co premio a Mellor libro de banda deseñada na Gala do Libro Galego. Outras obras destacadas súas son o "Atlas da Galicia pequeniña", "Capitán Lentella" ou "Unha

mestra en apuros". Actualmente, desenvolve tanto encargos coma proxectos persoais e colabora ocasionalmente con varios estudos de arquitectura.

OBRADOIRO

Iniciación á banda deseñada

Obradoiro de iniciación á banda deseñada dirixido a quen toma por primeira vez contacto co medio, así como a aqueles que queiran redescubrir as bases sobre as que se asenta esta arte. A finalidade da banda deseñada é contar historias, polo que o obradoiro centrarase en coñecer e traballar os mecanismos narrativos e aspectos esenciais propios do proceso creativo dun cómic.

Adultos e cativos crearán primeiro cadanseu personaxe e, posteriormente, daranlles vida a través dunha pequena historia conxunta plasmada nunha banda deseñada dunha páxina de extensión.

Non se trata dun obradoiro para aprender a debuxar, aínda que se dean certas pautas para traballar este aspecto, polo que non será necesario un nivel mínimo de debuxo para realizar o curso.

Será necesario un espazo ben iluminado e cómodo, con mesas espaciaosas para debuxar e, preferiblemente, un proxector para expor a parte teórica e as actividades.

Os materiais a empregar serán fundamentalmente útiles de debuxo (lapis, goma, bolígrafo, pilot, cores, etc) e papeis convencionais ou caderno de bosqueños.



616174744

ilustratecto@gmail.com

www.behance.net/ilustratecto

YOLANDA CASTAÑO

Yolanda Castaño licenciouse en Filoloxía Hispánica na Universidade de A Coruña. Con apenas dezasete anos gañou o Premio Fermín Bouza Brey de Poesía e deuse a coñecer coa publicación de "Elevar as pálpebras" (1995). A partir dese momento iniciou unha carreira meteórica que a levou a publicar algún dos títulos máis destacados da lírica galega das últimas décadas. O seu intenso labor como conferenciante, recitadora e articulista convértea nunha inestimable embaixadora da literatura e a cultura galega.

Guionista e presentadora de televisión, comisaria de mostras de arte e poesía, autora infantoxuvenil, tradutora e ensaísta, as súas obras publicáronse nunha veintena de idiomas.



OBRADOIROS



Familias de alumnado de 1º e 2º de educación primaria.

Un lúdico e expresivo contacontos en verso para crianzas, por parte dun dos rostros máis coñecidos da poesía galega. Baseado nas obras da autora dirixidas a público infantil. Divirtámonos coas súas rimas!

Contacontos en verso

Familias de alumnado de 6 a 12 anos.

Obradoiro práctico de iniciación lúdica á linguaxe poética, tirando do fío do gusto polas letras, a imaxinación creativa e unha vontade de xogar coas palabras. Sairemos do obradoiro co resultado dun completo poema colectivo, composto a partir das achegas dos participantes.

Obradoiro de poesía

Familias de alumnado de educación secundaria e bacharelato.

Unha aproximación ao xénero poético dirixida a familias de mozos/as e adolescentes, capaz de rachar tópicos, estereotipos e ideas preconcebidas sobre a poesía. Da man dun dos rostros máis populares da poesía galega, perderémolle o medo aos versos acabando por crear un poema colectivo entre todos os e as participantes. Porque... a poesía non morde!

A poesía non morde!

677078484
yolandacastano@hotmail.com
<https://yolandacastano.com/>





LAURA SÁEZ · ÓSCAR VILLÁN

Laura Sáez, tamén coñecida como Laura Parrula, foi dando tombos polo mundo escoitando historias, traducindo libros e deixándose levar polo seu libro das cores interiores. É licenciada en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo. Foi lectora de galego na Universidade de Oxford. Fixo un mestrado de Edición na Universidade de Santiago de Compostela. Na súa faceta de editora, Sáez é a responsable da editorial Patasdepeixe mentres que como tradutora verteu o galego soados títulos da literatura infantil e xuvenil e do álbum ilustrado, tales como dous números de "Harry Potter" ou "O Grúfalo". En 2004 acadou o Premio de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo.

Óscar Villán é licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura). Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, "O coelliño branco" (Kalandraka) recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración en 1999. Ademais das súas ilustracións, tamén realiza traballos de escultura, fotografía e deseños de cartaces. Entre estes últimos atopamos dous deles ben coñecidos nas bibliotecas escolares galegas: o cartel Biblioteca escolar, viveiro de cidadanía do curso 2019-20 e a CDU ilustrada (versión ilustrada da Clasificación Decimal Universal simplificada), ademais doutros moitos materiais da campaña de Hora de ler que habitan nas nosas bibliotecas escolares dende o ano 2006.

OBRADOIRO



Monstr3s

Obradoiro creativo dirixido a nenos e nenas de 7 a 12 anos.

Sabes como se fai un libro? Queres coñecer como foi o proceso creativo de Monstr3s da man dos seus autores? Acompáñanos nesta aventura que é a creación de un libro dende a idea inicial ata o produto final.

Con este obradoiro preténdese que o alumnado coñeza como se levou a cabo o proceso creativo do álbum ilustrado Monstr3s da man da autora Laura Sáez e do ilustrador Óscar Villán. Falaremos sobre as fases de creación do libro, a idea, o texto, as ilustracións, os borradores, as correccións, a maquetación, toma de decisións sobre o papel, cores, texturas, impresas... unha apaixonante viaxe creativa que ten como finalidade crear UN LIBRO!



679777111 (Laura Sáez)
patasdepeixe@gmail.com
ola@patasdepeixe.eu
<https://patasdepeixe.eu/produto/monstr3s/>

SABELA GAGO

Sabela Gago é cofundadora de Sarabela teatro e leva traballando coa compañía desde o ano 1980 como actriz de espectáculos de adultos e infantís, como coordinadora dos festivais de teatro FITO e MITEU, como produtora de montaxes teatrais, como docente na Universidade de Vigo (Campus de Ourense) e como especialista en animación á lectura para escolares. Ademais é dinamizadora na biblioteca Nós en Ourense e conta contos en concellos galegos, centros de ensino, bibliotecas e editoriais galegas. É pedagoga e mestra de educación infantil. Colabora coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en cursos para o profesorado nos CFR galegos e nos Programas Ler Conta Moito, Biblioteca Creativa, Lectura e Familias e Educación Responsable. GOZA CONTANDO E CONTA GOZANDO.



OBRADOIROS



Que agocha o teu garabato

Ás veces as cousas non son o que parecen. Uxía atopou agochado no seu garabato un barco pirata con rumbo a illa Salgada en busca do tesouro de Pitimini. Queredes formar parte da súa tripulación? A imaxinación será a nosa aliada nesta aventura pirata de enredos e risas onde os participantes terán que otear o horizonte, izar velas ou imaxinar que tesouro lles gustaría atopar na area. Ven, síntete protagonista deste conto teatralizado e xoga a descubrir que se agocha nun garabato xigantesco. Familias e crianzas compartirán un divertido obradoiro entre os libros da biblioteca.

Unha tarde "monstrrosa"

Partindo da literatura máis monstrrosa da biblioteca, xogaremos cos monstros máis coñecidos dos maiores e dos pequenos da casa ("O Grúffalo", "O monstro de cores", "Escaramuza"...) para construír co noso corpo e nosa voz, ese "monstro que habita dentro de nós". Despois plasmarémolo nun divertido colaxe empregando recortes de revistas e por último escribiremos entre todos os participantes un multiconto de historias monstrosas.

639884984
sabelagago77@gmail.com





DAMIÁN ALONSO

Damián Alonso conta con experiencia como actor de dobraxe en documentais como "Amish Mafia" ou "American Chopper"; ou na serie "Turbo Fast", dándolle voz a Tito, o vendedor de tacos. É tamén actor de teatro. Guionista e creador de "Cachosdesqueches" e voz de Click Clack en "Dinotrux" entre outras.

Formador con máis de 150 obradoiros e cursos impartidos por toda Galicia no que o punto de

encontro é a voz: obradoiros de radio, podcast, dobraxe, falar en público, comunicación e lectura interpretada e teatro.

OBRADOIROS



Aprende a contar historias

Queres contarnos un conto ou unha historia? Ben, pois este é o obradoiro que che interesa.... Aprenderás a utilizar a túa voz e o teu corpo para transmitir, traballando a respiración, a vocalización e a proxección da voz... e sobre todo, a interpretación! Dirixido a persoas entre os 8 e os 99 anos: alumnado, familias e profesorado.

Aprende coa dobraxe

Un obradoiro novedoso onde o alumnado non só aprenderá a poñerlle voz aos textos, senón tamén a interpretar coa súa voz, a falar correctamente con seguridade e cunha boa dicción.

Gravamos un conto?

Escollemos un conto, adaptamos o guión para locución, facemos casting para narrador/a e personaxes, buscamos músicas e efectos, ensaiamos... e por fin, a gravar!



607791849
damianalonso@me.com
<https://www.solovoz.com/>

MIGALLAS TEATRO

Migallas é unha compañía que pretende facer un teatro comprensible, crítico e entretido para todas as persoas bebendo da tradición do pobo e da vida cotiá e cunha visión universal das situacións humanas máis próximas.

Nos seus espectáculos tratan pois temas de todos os días a través de personaxes inspirados na realidade, pero cun aquel de ficción.

Dende o ano 1996 teñen realizado unha media de 70 representacións por ano, o que suma máis de 1500 actuacións como compañía profesional.

Ademais da montaxe de espectáculos teatrais e de contacontos levan a cabo talleres de expresión dramática a través de concellos, asociacións e colexios de diversos municipios.



ESPECTÁCULOS

O libro máxico

Espectáculo onde se combina a narración oral, a música e o teatro co obxectivo principal de animar á rapazada e ás familias en xeral a gozar da lectura e a convertela nun hábito. Ademais, trátanse temas como as emocións, as relacións familiares, o compañeirismo, o consumismo, a importancia da imaxinación etc.

Cantacontos *

En "Cantacontos" os contos tradicionais ou de creación propia son arrequeados con cancións, música ou sons que contribúen a despertar emocións nas crianzas. Todos os contos tratan cuestións próximas ao alumnado e convidanos a participar no seu desenlace. As cancións complementan os seus contidos.

Camiño de historias

"Camiño de historias" é un espectáculo constituído por tres historias de tradición oral procedentes de diversos países de fala portuguesa que abordan dunha maneira amena e divertida cuestións como a interculturalidade e os dereitos humanos. Cada relato é tratado dun xeito diferente. Así pois, nun prima a palabra, noutro, as imaxes e noutro recupérase a arte das contadoras e contadores ambulantes das feiras de antano.

Contos con miga *

"Contos con miga" é unha sesión de contos e cancións a cargo de Carlos Yus que divirten e fan pensar sobre cuestións como a solidariedade, o consumismo, os xogos e a lingua.

* Os contidos poden variar segundo os intereses do profesorado e do alumnado





SONIA HERMIDA

Sonia Hermida Galán é mediadora literaria, especialista en literatura infantil e xuvenil e xornalista especializada no eido educativo. Durante os seus primeiros 14 anos de carreira profesional desempeñou diferentes labores en medios de comunicación e gabinetes de prensa. Nos últimos 12 anos combinou algunhas responsabilidades xornalísticas coa especialización no ámbito cultural.

Mediadora e investigadora en Literatura Infantil e Xuvenil e Máster en Literatura Infantil, é membro da plataforma por unha educación inclusiva "Quererla es crearla". Leva máis de 11 anos formándose en literatura e inclusión, estimulación, álbum ilustrado, lectura e pensamento crítico, diversidade funcional...

É colaboradora da cadena SER e Onda Cero con sendos espazos vencellados á infancia. Ten impartido sesións de narración oral e estimulación a través do xogo en centros de educación infantil e primaria e en diferentes eventos. É colaboradora do proxecto educativo NONVIOLENCIA e formadora en literatura infantil en diversos ámbitos educativos (bibliotecas, universidades, festivais culturais...).

OBRADOIROS

Propostas para Educación Infantil e Primaria

Ofrécense diferentes obradoiros:

- Sóame este libro
- Retrato de familia. Obradoiro con fotolibros



Propostas para Educación Secundaria

Ofrécense diferentes obradoiros:

- Formación para adultas/os
- Libros para despois da apocalipse
- Obradoiro literario. Historias por correo



698144060
info@soniahermida.com
sonia.hermida@gmail.com
<https://soniahermida.com/>

CHARO PITA



Naceu á idade de seis anos cando rematou de ler o seu primeiro libro. Desde ese día a súa idade foise adaptando ata facela sentir contemporánea de todo o mundo. Comezou a narrar historias no ano 1994 e viaxou con elas polo mundo: Alemania, Polonia, Italia, Nicaragua, Galicia, España.

O seu traballo abarca diversas áreas do fabuloso, conta tanto para a rapazada como para xente adulta.

Tamén imparte obradoiros de narración e

lectura expresiva e leva publicados máis dunha ducia de libros e gañado algún que outro premio literario, entre eles o Espiral Maior de poesía no ano 2001 e o premio Manuel Murguía de narracións breves no pasado 2018. Unha das súas facetas máis persoais é a de mesturar contos e música. Avanzando nesa liña, publicou un libro con poemas musicados na colección Sonárbore da editorial Galaxia titulado "No país do vento".

OBRADOIRO



Abrazar coas palabras

A partir da súa experiencia en obradoiros de lectura expresiva e narración oral ademais de como escritora dentro da literatura infantil, a relatora propón un obradoiro sobre libros e lectura de viva voz.

Deseñaremos un ámbito de lecer e entendemento centrado nas historias e xogos que gardamos na memoria, na imaxinación e nos libros, a través do cal explorar e estreitar as relacións familiares e estimular unha experiencia conxunta comunicativa e lúdica para abrazarse non só co corpo, senón tamén coas palabras.

Ofrecerase bibliografía axeitada ás idades da cativada, pautas lectoras, xogos cos libros e xogos de mesa que estimulen a creatividade e a cooperación coa fin de axudar a cimentar no medio do marasmo do día a día unha relación baseada nesa calma coa que sempre nos agasalla a lectura compartida.

O obradoiro estará especialmente enfocado para familias con cativada de 3 e 9 anos.





MARÍA TORRES

María Torres é actriz e directora artística do Elefante Elegante Teatro onde creou, interpretou e dirixiu con Gonçalo Guerreiro máis de vinte espectáculos ata o presente.

Licenciouse en Ciencias Empresariais na Universidade da Coruña ao mesmo tempo que iniciou a súa carreira teatral. Traballou como actriz en diferentes grupos de teatro universitario, integrando tamén as compañías Catrabucha Teatro, Teatro da Bufarda, Librescena

Teatro, Espello Concavo, Trinke Trinke e Teatro do Alacrán. A convite da compañía de danza Traspediante creou e dirixiu a peza "Nina Ninette" para público infantil.

Estudou o posgrado en Arte Dramática organizado pola USC e traballou da man do director do Teatro Nacional de Toulouse Jacques Nichet e da actriz e directora francesa Claude Buschvald, estudou Commedia dell'Arte con Antonio Fava en Italia e Teatro Antropológico con Eugenio Barba en Sevilla e Polonia. Diplomouse na École Lassaad, en Bruxelas, que segue a pedagogía de Jacques Lecoq do estudo do movemento.

OBRADOIRO



A narración desde o teatro de movemento

O obradoiro consiste en diferentes actividades de exploración para desenvolver en familia que nos convidan a mergullar na narración desde a perspectiva do teatro físico.

Facer nacer a palabra desde o movemento para conferirlle organicidade e plasticidade. Por exemplo, como sería o movemento corporal da frase: "Un mosquito que pica?".

A través do xogo, o teatro físico desenvolve a espontaneidade corporal, o instinto e a percepción. Dentro dunha atmosfera lúdica, o alumnado terá a posibilidade de explorar xestos, actitudes e movementos que a vida cotiá non lles permite realizar.



606257239

maria@elefanteelegante.net

<https://elefanteelegante.net/>

SOLEDAD FELLOZA



Tallerista, conferenciante, actriz, contadora de historias, fotógrafa, escritora e dramaturga, é unha multidisciplinar artista que traballa dende diferentes perspectivas a comunicación escénica. Directora do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica desde a súa creación no 2013. Ten actuado en festivais de Uruguai, Arxentina, Chile, Bolivia, Venezuela, Cuba, Alxeria, Perú, Francia, Italia, Portugal, Polonia e Cabo Verde. Participante en campañas de animación á lectura e tamén en circuítos de artes escénicas do ámbito nacional e internacional, ten ampla experiencia na posta en escena de espectáculos para todo tipo de públicos. Docente en obradoiros de teatro en centros penitenciarios da península, centros de formación docente, masters en educación, congresos de mediación lectora... Ademais de colaborar en xornais, publicacións literarias e de teatro, é autora de obras infantís como "A Cociñeira do rei" (OQO, 2015; Premio Europeo de Narración Oral ao Mellor conto para nenas e nenos), "A volta ao mundo" (Editorial Fragatina), "Ao Pé do lar", Premio 2019 do Ministerio de Cultura ao espectáculo "Las Ingeniosas del Hidalgo" nas Campañas de Animación Lectora María Moliner.

OBRADOIRO



Fame de libros

Cando temos fame, buscamos por armarios e alacenas algo que nos alimente. Ás veces apetécenos algo doce, outras salgado, algunhas veces queremos algo que nos sorprenda e afaste da rutina, un novo sabor e outras veces queremos repetir unha e outra vez esa receita de mamá, papá ou a avoa. Só imaxinar e a boca fáisenos auga.

E se temos fame de historias? Pois toca ir á biblioteca e preparar un bo menú. Para participar deste obradoiro, os convidados e convidadas, deben vir con fame e gañas de "cociñar". Como na casa, as tarefas repártense, e entre todos e todas montaremos un menú de contos. Con entrantes, primeiro prato, prato principal e sobremesas. Haberá receitas frías e tamén quentes. Moito produto de proximidade, de quilómetro cero, pero tamén de exóticos lugares. Receitas de toda a vida e de agora. Crearemos unha mesa moi bonita e saborosa que convide a todos os comensais a comer, repetir e convidar a outros. E un aviso importante: a fame de libros é a máis difícil de saciar!

635952820
soledadfelloza@gmail.com
<http://soledadfelloza.com/es/>





TRINKETRINKE TEATRO

Trinketrinke comezou a facer animación á lectura mediante o teatro en 1992. Desde aquela desenvolve de xeito habitual as súas actividades nas bibliotecas municipais da Coruña, Carballo, Oleiros, Zas e Carral entre outras moitas.

Os conductores das actividades para nenos/os prelectores e primeiros lectores (3 a 8 anos) son uns personaxes fantásticos: os Ratos da Biblioteca*, que proceden dun lugar chamado "Lonxedetodo", onde os

libros e a lectura ocupan un lugar sobranceiro na vida da comunidade.

Os nosos obxectivos son promover a lectura, espertar o gusto pola literatura, estimular a sensibilidade, a imaxinación, a creatividade e o espírito crítico das nenos/os a través da narración dos contos e, singularmente, dos distintos xeitos de contalos.

ESPECTÁCULOS



Os personaxes-ratos, a través da comicidade, tentan establecer unha relación afectiva co público infantil e grazas a ela, constituírense aos seus ollos en modelo de lectores, amantes da literatura e usuarios da biblioteca. O teatro sérvenos para representar situacións da vida familiar ou da vida individual destes ratos que son recoñecibles polas nenos/os. Deste xeito nas nosas sesións podemos plantexar conflitos, problemas comúns nas súas vidas e amosar como os contos nos aportan datos ou recursos para a comprensión destes conflitos e para a súa solución.

Os diversos espectáculos están pensados principalmente para alumnado de educación infantil e 1º e 2º de educación primaria e as súas familias, pero algúns espectáculos poden representarse para todos os niveis.



616071986
trinketrinke@gmail.com

PEDRAS DE PAPEL

Electra Menéndez é historiadora, creativa e artesá do papel, con formación en diferentes técnicas artísticas e artesanais. Traballa desde hai casi dez anos nun proxecto creativo e cultural, Pedras de papel, centrado na creación, na formación e na dinamización cultural. Durante este tempo desenvolveu numerosas actividades artísticas, de animación á lectura e de didáctica do patrimonio cultural e medioambiental para público infantil e adulto en centros educativos, bibliotecas, concellos, museos ou asociacións, realizando obradoiros, contacontos e monicreques dentro de programas como Lectura e familias, Biblioteca creativa, formación do profesorado, Ler Conta Moito, Apego ou Ponte a Zero entre outros.



OBRADOIROS



Fame de libros

Ofrezco unha serie de obradoiros de diferentes técnicas artísticas e artesanais, algúns deles acompañados de narración oral, que se adaptan a distintos intereses, públicos e duracións. Neles o papel, as fibras vexetais e materiais reciclados serán protagonistas xunto coa diversión, a sorpresa e o xogo.

Como novidade para este curso propoño algúns obradoiros en torno a Calder, un dos artistas que máis admiro, coincidindo cos 100 anos da creación do seu Circo, unha obra sorprendente e moi actual que combina escultura, movemento e interacción.

Algunhas das propostas son: Monicreques, Máscaras e cabezudos, Escultura en papel, Papel artesanal e libro, Cestería, Esculturas de aramio, Unha danza co vento, Xoguete xigantes e varias propostas baseadas en narracións.





A nosa cooperativa nace do mundo da ilusión e dos soños, alimentada de tres grandes paixóns: a infancia, a natureza e o patrimonio cultural, que combinados entre si van dando vida a todo o que facemos: modificación de patios, xogos e xoguets, excursións de educación ambiental, música, contos, obradoiros e espazos de xogo.

Diego García é enxeñeiro forestal e director de actividades de ocio e tempo libre, especializado no eido da educación ambiental e a interpretación do patrimonio con 20 anos de experiencia profesional.

Judit Santos é psicóloga con máster en Xerontoloxía Social, experta universitaria en educación emocional e intelixencia emocional e benestar organizacional. Fundadora de Miudiño S. Coop. Galega, leva 10 anos desenvolvendo labores de psicoloxía aplicada de cara á promoción da saúde na infancia a través da naturalización e do xogo na vida da rapazada.

OBRADOIROS



Os nosos bosques

Como é o proceso de crear un libro? Que hai nos bosques galegos? Neste contacontos facemos unha divertida síntese do proceso cooperativo de creación do libro "Os nosos bosques", ao tempo que facilita as familias participantes o coñecemento da variada flora e fauna que poden atopar nos bosques galegos. Rematarase xogando con xoguets tradicionais e material manipulativo realizados en diferentes madeiras galegas.



Os nosos mares

Curiosidade e abraio son sinónimos deste contacontos que nos permite a exploración e coñecemento da paisaxe máis descoñecida de Galicia: os fondos mariños. Bosques de algas, animais camuflados... a vida mais alá da superficie. "Os nosos mares" remata cun pequeno espazo de xogo marabilloso que permite o lecer posterior ao tempo da narración.

O desencantamento

Narración oral con ambientación sonora que farán as delicias de grandes e pequenas, co (re)descubrimento dunha historia chea de feitizos, suspense, tesouros e retos. Despois do conto ábrese un tempo de conversa e xogo con bonecas artesanais, que recrean e axudan a coñecer unha morea de seres característicos da mitoloxía galega.





LECTURA
E FAMILIAS



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA